

## **COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

### **Texto**

WikiLeaks é algo novo na súa orixe, no seu mostrase ao público, na súa asoballante capacidade para deixar núa a toda unha diplomacia, neste caso a do país máis poderoso do mundo, arrastrando cando a si a dos demais países, grandes ou pequenos, nun verdadeiro *tsunami* global.

O enrabeamento dos EE UU, aínda sendo esperado, paréceme que se converteu nun histerismo colectivo difícil de entender, e non digamos as posicións máis extremas, as que, sen coutarse o máis mínimo e coa máxima publicidade, falan de executar a Julian Assange. A estas últimas sumáronse os hispanos de GEES e FAES.

Cústanos traballo admitir que a morte de Assange estea nos obxectivos do poder americano: lonxe de arranxar o problema –que xa non ten arranxo– multiplicaríao insensatamente. A súa morte, por outra banda, poría aínda máis de manifesto, subliñándoas, as inhumanidades que el denunciou e o país que as executou.

Claro que cousas moito peores se teñen feito en Iraq, no Afganistán e polo mundo adiante. Unha morte máis pode que non importe moito. O que ocorre é que nós pensamos que non tería finalidade, que sería moito peor o seu impacto negativo, que un crime de Estado é o que menos lles convén hoxe aos EE UU.

Outra cousa é o que pode pasar en Suecia, co dereitismo que alí se vive e porque é un país cun sistema xudicial que, ao parecer, non é moi de fiar. O medo de Julian Assange a ser entregado por Suecia aos EE UU é o propio de alguén que sabe do que fala, nuns momentos de devalo das garantía xudiciais e dos dereitos humanos. ¿Será verdade o que pensamos?

Xosé Luís Franco Grande (*ANOSATERRA DIARIO*, 15/12/2010)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 100 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

## **COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**

### **Texto**

WikiLeaks es algo novedoso en su origen, en su forma de mostrarse al público, en su apabullante capacidad para dejar desnuda a toda una diplomacia, en este caso la del país más poderoso del mundo, arrastrando consigo a los demás países, grandes o pequeños, en un verdadero *tsunami* global.

La rabieta de EE UU, aún siendo esperada, me parece que se convirtió en un histerismo colectivo difícil de entender, y no digamos las posiciones más extremas, las que, sin el más mínimo pudor y con la máxima publicidad, hablan de ejecutar a Julian Assange. A estas últimas se sumaron los hispanos de GEES y FAES.

Nos es difícil admitir que la muerte de Assange esté en los objetivos del poder americano: lejos de solucionar el problema –que ya no tiene solución- lo multiplicaría insensatamente. Su muerte, por otro lado, pondría aún más de manifiesto, subrayándolas, las inhumanidades que el denunció y el país que las ejecutó.

Claro que cosas aún peores se han hecho en Iraq, en Afganistán y a lo largo de todo el mundo. Una muerte más puede que no importe mucho. Lo que ocurre es que nosotros pensamos que no tendría finalidad, que sería aún peor su impacto negativo, que un crimen de Estado es lo que menos conviene hoy a EE UU.

Otra cosa es lo que puede pasar en Suecia, con el derechismo que allí se vive y porque es un país con un sistema judicial que, al parecer, no es mucho de fiar. El miedo de Julian Assange a ser entregado por Suecia a EE UU es el propio de alguien que sabe de lo que habla, en un momento de deterioro de las garantías judiciales y de los derechos humanos. ¿Será verdad lo que pensamos?

Xosé Luís Franco Grande (*ANOSATERRA DIARIO*, 15/12/2010)[traducido]

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cual es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 100 palabras, el contenido del texto, indicando sus ideas principales y secundarias. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de modo argumentado y razonado, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que se exponen en el. [6 puntos]